


- Os alumnos/as que van realizar o Practicum ou as Prácticas Externas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Psicoloxía, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento dos Practicum ou as Prácticas Externas dos alumnos. Así mesmo, a Unidade de Psicoloxía Deportiva e de Apoio á Investigación nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas da Unidade de Psicoloxía Deportiva e de Apoio á Investigación.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Unidade de Psicoloxía Deportiva e de Apoio á Investigación emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2012

O REITOR



**SRA. DECANA DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA
D. CONSTANTINO ARCE FERNANDEZ, DIRECTOR DA UNIDADE DE PSICOLOXÍA
DEPORTIVA E DE APOIO Á INVESTIGACION.
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**